Concello de Vigo

# ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
## Sesión do 16 de febreiro de 2023 (1373/1102)

**ASISTENTES:**

**Membros :**
D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Dª Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
Dª Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

Dª Mª Carmen Silva Rego
Dª Mª José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minuto do día dezaseis de febreiro de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretario o concelleiro, Sr. Losada Alvarez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario xeral do Pleno (Resolución do 13/02/2023) Sr. Riesgo Boluda, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(92).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 9 de febreiro e extraordinaria do 10 de febreiro de 2022 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(93).-ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DA COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN DE VODAS E ACOLLEMENTOS CIVÍS CELEBRADOS POLO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 19277/101.**
Visto o informe de fiscalización de data 09/02/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís celebrados polo Concello de Vigo (19.277-101)

**<u>LEXISLACIÓN APLICABLE</u>**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se trasponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís celebrados polo Concello de Vigo (19.277-101)

**<u>ANTECEDENTES</u>**

**Primeiro.-** Con data do 1 de decembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento aberto consonte ao disposto no artigo 156 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para o contrato de prestación do servizo para a coordinación e organización protocolaria de vodas e acollementos civís que se celebran en espazos municipais. Expediente 19277-101 que contén o prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e asinado con data 10 de novembro de 2022 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, con data de 17 de novembro de 2022.*

*Segundo.- Aprobar el gasto por importe de 16.863,32 € ive engadido, sendo o importe correspondente ao 21% de ive de 2.926,69 € que se tramitará como anticipado de gasto con cargo aos créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 9120.2279910 (ASISTENCIA TÉCNICA A PROXECTOS INSTITUCIONAIS) ou a súa bolsa de vinculación. De acordo as seguintes anualidades:*

- *Primeira e única anualidade: do 1 de xaneiro de 2023 ao 31 de decembro de 2023: 16.863,32 €*
- *1º Prorroga: do 1 de xaneiro de 2024 ao 31 de decembro de 2024: 16.863,32€*
- *2º Prorroga: do 1 de xaneiro de 2025 ao 31 de decembro de 2025: 16.863,32€*
- *3º Prorroga: do 1 de xaneiro de 2026 ao 31 de decembro de 2026: 16.863,32*

*Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista".*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 20 de xaneiro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís celebrados polo Concello de Vigo (19277-101) na seguinte orde descendente:*

| | NOME DA EMPRESA | TOTAL PUNTOS CRITERIOS XUÍZO DE VALOR | TOTAL PUNTOS CRITERIOS AVALIABLES POR FORMULA | TOTAL PUNTUACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| *1* | *SACAFERRO, S.L.* | *45 puntos* | *55* | *100,00 puntos* |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SACAFERRO, S.L. (B27704980), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SACAFERRO, S.L., o día 25 de xaneiro de 2023, que presenta a documentación requirida o 2 de febreiro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 9 de febreiro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SACAFERRO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SACAFERRO, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 4 e 17 de xaneiro de 2023, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

> *"Adxudicar a SACAFERRO, S.L. (B-27.704.980) o procedemento aberto para a contratación do servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís celebrados polo Concello de Vigo (19.277-101) coas seguintes condicións:*
>
> a) *O prezo total do contrato é de 16.863,32 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.926,69 euros cunha porcentaxe de redución a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP do 16 %.*
> b) *Comprométese á realización e entrega da memoria mensual que conteña información sobre as incidencias ou calquera outra cuestión reseñable de interese para o Concello.*
>
> *Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(94).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO, MANTEMENTO E ASISTENCIA TÉCNICA DE APLICACIÓNS INFORMÁTICAS PARA DAR SOPORTE Á XESTIÓN DA POBOACIÓN E DO TERRITORIO DE SERVIZO DE ESTATÍSTICA. EXPTE. 46941/234.**

Visto o informe xurídico de data 08/02/2023 e o informe de fiscalización do 10/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 08/02/2023 asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, a xefa de Estatística, a xefa de Área de Réxime Interior, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1.- En data 24/01/2023 a Xefa de Estatística, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do subministro, mantemento e asistencia técnica de aplicacións informáticas para dar soporte á xestión da poboación e do territorio de servizo de Estatística.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e orde de inicio do expediente asinado pola Xefa de Estatística e o Xefe de Administración Electrónica de data 24/01/2023 co conforme da Xefa da Área de Réxime Interior, da Concelleira delegada de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal e do Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda da mesma data.

- Memoria económica do contrato de data 26/01/2023, asinada polo Xefe de Administración Electrónica e pola Xefa de Estatística co conforme da Xefa da Área de Réxime Interior, da Concelleira delegada de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal e do Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.

- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 01/02/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PRT) de data 02/02/2023 asinado polo Xefe de Administración Electrónica e pola Xefa de Estatística.

- Informe técnico sobre a necesidade do procedemento negociado asinado polo Xefe de Administración Electrónica de data 03/02/2023.

- Memoria xustificativa do contrato de data 06/02/2023, asinada polo Xefe de Administración Electrónica e pola Xefa de Estatística co conforme da Xefa da Área de Réxime Interior e da Concelleira delegada de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal.

- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 06/02/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 06/02/2023.

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALG).

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polos decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e 16/04/2021 e acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20/06/2019, 04/07/2019, 11/07/2019, 05/09/2019 e 18/08/2020 e posteriores modificacións. A concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal mediante resolución de data 24/01/2023 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

**Segundo**.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramítase como un contrato de servizos.

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
O procedemento elixido para a contratación é negociado sen publicidade e a forma de tramitación do expediente a ordinaria.

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporarase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Oitavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro, mantemento e asistencia técnica de aplicacións informáticas para dar soporte á xestión da poboación e do territorio de servizo de Estatística:

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e orde de inicio do expediente asinado pola Xefa de Estatística e o Xefe de Administración Electrónica de data 24/01/2023 co conforme da Xefa da Área de Réxime Interior, da Concelleira delegada de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal e do Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda da mesma data.

- Memoria económica do contrato de data 26/01/2023, asinada polo Xefe de Administración Electrónica e pola Xefa de Estatística co conforme da Xefa da Área de Réxime Interior, da Concelleira delegada de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal e do Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.

- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 01/02/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PRT) de data 02/02/2023 asinado polo Xefe de Administración Electrónica e pola Xefa de Estatística.

- Informe técnico sobre a necesidade do procedemento negociado asinado polo Xefe de Administración Electrónica de data 03/02/2023.

- Memoria xustificativa do contrato de data 06/02/2023, asinada polo Xefe de Administración Electrónica e pola Xefa de Estatística co conforme da Xefa da Área de Réxime Interior e da Concelleira delegada de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal.

- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 06/02/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 06/02/2023.

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de **32.173,49 €**, que inclúe un I.V.E. de **5.583,83 €**, dende o 15 de marzo de 2023, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

| Exercicio | Concepto | Partida/Proxecto | base | ive | total |
|---|---|---|---|---|---|
| 2023 | MANTEMENTO SOFTWARE | 9207.2279902 | 14.192,97 € | 2.980,52 € | 17.173,49 € |
| 2023 | MANTEMENTO APLICATIVOS ESTATÍSTICA | 9231.2279901 | 12.396,69 € | 2.603,31 € | 15.000,00 € |
| TOTAL | | | **26.589,66 €** | **5.583,83 €** | **32.173,49 €** |

**TERCEIRO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

**<u>ACORDO</u>**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(95).-SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA CONFORME AS BASES REGULADORAS QUE REXERÁN AS SUBVENCIÓNS DESTINADAS ÁS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A REHABILITACIÓN E MELLORA DO EQUIPAMENTO DOS CENTROS DE INFORMACIÓN AS MULLERES (CIM). EXPTE. 12058/224.**

Visto o informe de fiscalización de data 14/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 13/02/2023, asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades, a xefa de Igualdade, a asesora xurídica do Servizo e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

A Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, a través da Resolución do 5 de xaneiro de 2022, establece as bases reguladoras que rexerán as subvencións destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a rehabilitación e mellora do equipa-

mento dos Centros de información as mulleres (CIM) acreditados ao abeiro do Decreto 130/2006, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2023 (DOG núm. 19 do 27 de xaneiro de 2023).

O obxecto da convocatoria é a concesión de subvencións para actuacións de rehabilitación e mellora do equipamento dos centros de información ás mulleres (CIM) realizadas con posterioridade á publicación das bases reguladoras desta convocatoria.. Establece dúas tipoloxías de axudas:

a) As actuacións de rehabilitación, entendendo por tales as obras encamiñadas á mellora da conservación, á mellora da eficiencia enerxética, á mellora da accesibilidade e á mellora da habitabilidade dos edificios dos CIM.

b) A adquisición de equipamento informático (ordenadores, monitores, impresoras e similares), de equipamento de oficina (fotocopiadoras e similares) e mobiliario (mesas, cadeiras e similares).

Segundo o establecido no art. 14.2 das bases reguladoras, ao tratarse dunha convocatoria de subvención en concorrencia non competitiva as subvencións resolveranse por orde de entrada das solicitudes presentadas. A contía máxima da axuda que cada entidade beneficiaria pode percibir ao abeiro desta convocatoria é de 16.640 euros.

O Concello de Vigo, a través da Concellería de Igualdade, ten unha ampla traxectoria na finalidade de traballar a prol da igualdade e de combater a violencia contra as mulleres, polo que ao longo dos últimos anos se foron consolidando distintos programas e servizos dirixidos a este fin. O Centro Municipal de Información dos Dereitos das Mulleres é a vía de acceso a esta rede municipal de atención, ofrecendo atención social, xurídica e psicolóxica ás mulleres que o demandan, en especial a vítimas da violencia de xénero. É un centro de titularidade municipal acreditado pola Xunta de Galicia, a teor do disposto no Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia.

Este centro de atención ao público consta dunha sala de espera, 4 despachos, unha sala de reunións e un baño. Considérase necesario repoñer o mobiliario e o equipamento deteriorado polo continuo uso (perchas, paraugueiro, cadeiras de despacho, taboleiro, armario para gardar produtos de limpeza), así como adquirir novo equipamento que facilite o bo funcionamento do centro (destrutora de papel, escáner, armarios con chave que permitan o gardado de información de carácter confidencial, radiadores). Ademais valórase necesario realizar as actuacións necesarias encamiñadas a mellorar a habitabilidade do centro (mediante o pintado e mellora da iluminación), contribuíndo, ademais, a unha mellora da eficiencia enerxética. Estas melloras repercutirán, por unha parte, no aumento do confort e seguridade para as traballadoras e usuarias, e por outra, nunha mellor calidade do servizo ao renovar tanto o equipamento e mobiliario como as instalacións.

<u>Normativa reguladora:</u>

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, atribúe aos municipios competencias en: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.*

Isto concorda coas competencias que en materia de igualdade e promoción das mulleres ten delegadas a Concellería de Igualdade mediante Resolucións de Alcaldía de datas 18 e 26

de xuño de 2019 modificadas polas Resolucións de datas 13.08.2019, 17.08.2020, 16.04.2021, 08.08.2022, 06.09.2022 e 31.10.2022, sobre delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local, texto consolidado, de data 12 de marzo de 2021, sobre delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas concelleiras/os delegadas/os de área, modificado polo Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de abril de 2021 sobre delegación de competencias, que, no relativo a este servizo e á súa finalidade, son: d*irixir e coordinar os servizos e programas adscritos á Concellería de Igualdade: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller; Iniciación de expedientes de solicitude de subvencións ou convenios con outras Administracións Públicas ou de iniciativa social para colaborar na realización de programas relacionados coas competencias delegadas en materia de Igualdade.*

Considerando que o Concello de Vigo reúne todos os requisitos establecidos no art. 3 das bases reguladoras da subvención para poder ser beneficiaria destas axudas e vistos os demais requisitos e demais normativa reguladora, este órgano xestor valora conveniente presentar á devandita convocatoria solicitude para as seguintes actuacións:

a) Actuacións de rehabilitación:

- Actuacións de mellora da conservación, mellora de eficiencia enerxética e mellora da habitabilidade: substitución das luminarias por luces LED de baixo consumo e instalación de placas de falso teito; instalación de tarima flotante; pintado do centro.

Orzamento estimado: 5.860,03 €. Contía solicitada: 5.860,03 €

b) Adquisición de equipamento e mobiliario:

- Equipamento de oficina: 1 destrutora de papel, 1 escáner profesional,

- Mobiliario: 2 radiadores, 1 paraugueiro, 2 perchas de pé, 1 taboleiro de cortiza, 3 cadeiras de oficina, 1 armario alto con pechadura, 1 armario baixo con pechadura, 3 armarios de persiana con pechadura 160x120, 2 armarios de persiana con pechadura 198x120, 1 armario para produtos de limpeza.

Orzamento estimado: 6.087,81 €. Contía solicitada: 6.087,81 €

Contía máxima de axuda que se pode percibir ao abeiro desta convocatoria: 16.640 euros.

Total axuda solicitada: **11.947,84** €

A Resolución do 5 de xaneiro de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán esta convocatoria de subvencións non esixe ningunha obriga ás entidades solicitantes de cofinanciar as actuacións obxecto da mesma. Por tanto, este expediente non supón a aprobación ou autorización de gastos, e por conseguinte, este expediente e o acordo nel proxectado non se atopan sometidos a fiscalización previa.

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

"1º.- Aprobar a solicitude de subvención que presenta a Concellería de Igualdade por un importe total de 11.947,84 €, en base ao disposto na Resolución do 5 de xaneiro de 2022, que establece as bases reguladoras que rexerán as subvencións destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a rehabilitación e mellora do equipamento dos centros de información as mulleres (CIM) acreditados ao abeiro do Decreto 130/2006,

no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2023 (DOG núm. 19 do 27 de xaneiro de 2023), distribuída do seguinte xeito:

a) As actuacións de rehabilitación, entendendo por tales as obras encamiñadas á mellora da conservación, á mellora da eficiencia enerxética, á mellora da accesibilidade e á mellora da habitabilidade dos edificios dos CIM.

Axuda solicitada: 5.860,03 €

b) A adquisición de equipamento informático (ordenadores, monitores, impresoras e similares), de equipamento de oficina (fotocopiadoras e similares) e mobiliario (mesas, cadeiras e similares).

Axuda solicitada: 6.087,81 €

2º.- Designar á xefa do Servizo Municipal de Igualdade Dª Cristina Gómez García para levar a cabo as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral da Igualdade para os aspectos relacionados coa tramitación do expediente."

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(96).-PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA DE 5 POLICÍAS LOCAIS (OEP 2020-2021). EXPTE. 41559/220.**

Visto o informe de fiscalización do 09/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 01/02/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

**I**.- En data 30 de maio de 2022 asínase convenio entre o Concello de Vigo e a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia para asunción polo Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local, e ás praza de auxiliares de policía local ou vixiantes municipais, polo que as ditas prazas pasarán a tramitarse na súa totalidade pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

**II.-** Con data 23/12/2020, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, adoptou o acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público 2020 -exped. 35213/220- (publicacións oficiais no BOP núm. 250 de data 30/12/2020 e rectificacións no BOP núm. 49 12/03/2021 e DOG núm. 261 30/12/2020 e núm. 68 de 13/04/2021).

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria de 23/12/2021, aprobou a oferta de emprego público municipal para o ano 2021 – exped. 37053/220-, (publicacións oficiais no BOP núm. 250 de 29/12/2021 e no DOG núm. 250 de 30/12/2021)- Resolución recurso de reposición contra o acordo de XGL de 23/12/2021 (BOP núm.76 21/04/2022 e DOG núm.120 23/06/2022)

**III.-** Con data 11 de agosto de 2022 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 153) a orde pola que se convocaba o proceso selectivo de acceso por oposición libre nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía. Esta convocatoria incluía 25 prazas de Concello de Vigo e se inclúen as bases que rexerán o proceso selecrivo unitario convocado para o acceso e ingreso nos corpos da Policía Local de Galicia.

**IV.-** Con data de 23 de xaneiro de 2023, a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), remitiu ao Concello de Vigo "Proposta de nomeamento como funcionarios de carreira do Concello de Vigo, categoría de policía, proceso de acceso por oposición libre." Na referida proposta consta que: "*Con data 13/01/2023 o Tribunal designado para cualificar o proceso emite a resolución pola que se aproban a listaxe de persoas que superaron o proceso en número non superior ao de prazas convocadas, e unha listaxe de reserva cun número de persoas aspirantes que será como máximo igual ao de persoas aprobadas. Na lista de reserva figurarán aquelas persoas aspirantes que, aínda que superaron as probas do proceso selectivo, non resultaron aprobadas por obteren unha puntuación inferior á da última persoa que obtivo praza.*
*De acordo co establecido nas bases da convocatoria, con data 13 de xaneiro de 2023 o director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública convocou ás persoas aspirantes do proceso de acceso por oposición libre libre que figuran no Anexo da dita resolución ao acto de elección de praza. O dito acto tivo lugar o 20 de xaneiro de 2023 ás 09:30 na sede da Agasp.*

*Como resultado deste acto, a proposta das persoas designadas para ocupar as prazas vacantes do proceso de acceso por oposición libre no seu concello é a seguinte:*

***4594*** MARTINEZ TROITIÑO A. J.*
***8841*** PENABADE COCIÑA J.*
***3796*** ADARRAGA MARTINEZ F.*
***5830*** RODRIGUEZ SANTIN P.*
***9188*** PEREIRA PICON M. E.*

**V.-** Consta certificación da AGASP de cumprimento dos requisitos esixidos para o nomeamento como persoal funcionario de carreira, escala básica, categoría de policía dos Corpos das policías locais de Galicia conforme ao establecido na Lei 4/2007, do 20 de abril de coordinación de policías locais e normativa que a desenvolve.

**VI.**- Consta informe de verificación administrativa segundo o cal: "*A documentación achegada por **Martínez Troitiño Abel Javier**, con DNI ***5946**; **Penabade Cociña Joel**, con DNI ***8418**; **Adarraga Martínez Fernando**, con DNI ***7966**; **Rodríguez Santín Pablo**, con DNI ***8304** e **Pereira Picón Manuel Ernesto**, con DNI ***1887** foi debidamente revisada e contrastada por quen suscribe, sendo a mesma a necesaria para o correcto acceso ao emprego público dos ditos aspirantes*".

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

**I.- Normativa de aplicación**

**A**) -Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

  "*1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que*"el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

> "*FD CUARTO.- (….) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (…....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autónomica sobre función pública."* A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

*“......según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.........) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”*

**B***)* No ámbito da **Policía local** a Constitución española recolle no título VIII, artigo 148.1º.22, como unha das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, a coordinación e demais facultades relacionadas cas policías locais, nos términos que estableza unha ley orgánica. Neste marco, a Lei orgánica 2/1986, de 13 de marzo, regula no seu artigo 39 as competencias das comunidades autónomas.

De conformidade coas mencionadas disposicións, e no ámbito das competencias asumidas pola Comunidad Autónoma de Galicia, se promulgou a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais. Ase mesmo é de aplicación o Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais.

O artigo 16 do referido Decreto, dispón que: “*1. La superación del curso selectivo resulta obligatoria para acceder a la condición de personal funcionario de carrera en la categoría correspondiente. Sólo estarán dispensadas de realizar dicho curso aquellas personas que ya lo hubieran superado con anterioridad en la Academia Gallega de Seguridad Pública y los funcionarios que accediesen por movilidad desde la misma categoría desde otros cuerpos de policía local.*
*2. En el caso de la no incorporación al curso, o abandono del mismo sin terminarlo, excepto por causas excepcionales, se considerará que el aspirante no superó el proceso selectivo.*
*3. El alumnado que no supere el curso teórico-práctico en la academia, incluidas las pruebas de carácter extraordinario, perderá todos los derechos conseguidos en el proceso selectivo.*”

No mesmo senso a base 9.4 da Orde de data 11 de agosto de 2022 publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 153) pola que se convocaba o proceso selectivo de acceso por oposición libre nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía que contempla a dispensa da realizar o curso de formación na AGASP as persoas que xa o superarsen con anterioridade.

**C)** Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *“son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”,* establecendo que *“en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públi-*

*cos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

a) Superación del proceso selectivo.

b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.

c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.

d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

**II.- Observacións respecto da xornada e horario.**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instruccións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

**III.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
b) La intervención formal de la ordenación del pago.
c) La intervención material del pago.
d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones."

**IV.- Órgano municipal competente.**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excma. Alcaldía de 16/04/2021 e por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021.

**V.- PROPOSTA DE ACORDO:**

**"PRIMEIRO.**- Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo ás prazas vacantes ofertadas na Oferta de Emprego Público 2020-2021 de Policía local, pola quenda libre, aos aspirantes contidos na proposta remitida pola AGASP: "Proposta de nomeamento como funcionarios de carreira do Concello de Vigo, categoría de policía, proceso de acceso por oposición libre", comunicada ao Concello de Vigo o 23 de xaneiro de 2023*:*

***4594*** MARTINEZ TROITIÑO A. J.*
***8841*** PENABADE COCIÑA J.*
***3796*** ADARRAGA MARTINEZ F.*
***5830*** RODRIGUEZ SANTIN P.*
**9188*** PEREIRA PICON M. E.

**SEGUNDO**.- Dispoñer que as persoas nomeadas deberán tomar posesión como funcionarios/as de carreira nas ditas prazas no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia.

**TERCEIRO**.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto

administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente."

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(97).-PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS DE 20 POLICÍAS LOCAIS. EXPTE·41559/220.**
Visto o informe de fiscalización do 09/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 01/02/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

**I**.- En data 30 de maio de 2022 asínase convenio entre o Concello de Vigo e a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia para asunción polo Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local, e ás praza de auxiliares de policía local ou vixiantes municipais, polo que as ditas prazas pasarán a tramitarse na súa totalidade pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

**II.-** Con data 23/12/2020, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, adoptou o acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público 2020 -exped. 35213/220- (publicacións oficiais no BOP núm. 250 de data 30/12/2020 e rectificacións no BOP núm. 49 12/03/2021 e DOG núm. 261 30/12/2020 e núm. 68 de 13/04/2021).

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria de 23/12/2021, aprobou a oferta de emprego público municipal para o ano 2021 – exped. 37053/220-, (publicacións oficiais no BOP núm. 250 de 29/12/2021 e no DOG núm. 250 de 30/12/2021)- Resolución recurso de reposición contra o acordo de XGL de 23/12/2021 (BOP núm.76 21/04/2022 e DOG núm.120 23/06/2022)

**III.-** Con data 11 de agosto de 2022 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 153) a orde pola que se convocaba o proceso selectivo de acceso por oposición libre nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía. Esta convocatoria incluía 25 prazas de Concello de Vigo e se inclúen as bases que rexerán o proceso selectivo unitario convocado para o acceso e ingreso nos corpos da Policía Local de Galicia.

**IV.-** Con data de 23 de xaneiro de 2023, a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), remitiu ao Concello de Vigo "Proposta de nomeamento como funcionarios en prácticas do Concello de Vigo, categoría de policía, proceso de acceso por oposición libre nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía." Na referida proposta consta que: "*Con data 13/01/2023 o Tribunal designado para cualificar o proceso emite a resolución pola que se aproban a listaxe de persoas que superaron o proceso en*

*número non superior ao de prazas convocadas, e unha listaxe de reserva cun número de persoas aspirantes que será como máximo igual ao de persoas aprobadas. Na lista de reserva figurarán aquelas persoas aspirantes que, aínda que superaron as probas do proceso selectivo, non resultaron aprobadas por obteren unha puntuación inferior á da última persoa que obtivo praza.*
*De acordo co establecido nas bases da convocatoria, con data 13 de xaneiro de 2023 o director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública convocou ás persoas aspirantes do proceso de acceso por oposición libre libre que figuran no Anexo da dita resolución ao acto de elección de praza. O dito acto tivo lugar o 20 de xaneiro de 2023 ás 09:30 na sede da Agasp.*

.- Proposta de aprobación do Proxecto Modificado nº1 das obras de "Rexeneración do paseo do fronte marítimo da Vila de Bouzas". Expte. 875/441.

.- Corrección de erros no prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo para a xestión do centro de usos múltiples de Vigosónico. 9624/336.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**11(101).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS E DA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO" PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DO ENTROIDO 2023. Expte. 9643/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 14/02/2022 e o informe de fiscalización do 15/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 14/02/2023, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O Servizo de Festas da concellería de Participación Cidadá e Festas está a traballar na organización do **Entroido 2023**, que terá lugar na nosa cidade entre os días 17 e 22 febreiro, segundo a programación que consta neste expediente.

Por este motivo, con data 26 de xaneiro de 2023, o Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas resolveu que se iniciase un expediente necesario para a concesión da subvención nominativa a favor da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e da Federación de Peñas recreativas "El Olivo" por importe de 87.000 € (oitenta e sete mil euros)" para a organización do ENTROIDO 2023.

Dende o ano 1996, véñense realizando con ambas as dúas entidades convenios para o mesmo fin, así como similares, cun resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

A xustificación desta subvención nominativa vén dada na propia lexislación vixente, concretamente nos artigos 25.2. m,72 e 127 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, no que se fai referencia a que o municipio no ámbito das súas competencias pode promover toda clase de actividades culturais que contribuían a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, así como que as entidades locais deben favorecer o desenvolvemento das asociacións para defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños; e á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais. As dúas entidades asociativas propostas aglutinan a maior

parte do movemento asociativo da nosa cidade nos ámbitos sectoriais da cultura e das peñas recreativas.

Así mesmo no artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais.

O expediente de referencia ten por obxecto a concesión dunha subvención nominativa polo procedemento de réxime directo que se formalizará a través dun convenio.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar a subvención que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

A proposta do texto do convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público e que permiten regular os termos da concesión.

O réxime xurídico de aplicación da presente subvención de carácter nominativa atenderá ao previsto nos artigos 22.2.a e 28.1 e concordantes da Lei 38/2003 e o seu regulamento de desenvolvemento, así como os artigos 26.1 e 26.2 da Lei de Galicia 9/2007.

O presuposto total, incluido no expediente, da achega ascende, segundo o detalle presentado pola comisión organizadora a 123.000 euros, que incluirá todos os gastos que se xeren como consecuencia da programación e premios dos concursos recollidos nas bases deste expediente.

No vixente programa orzamentario na aplicación 3380.480.0002 (convenio organización entroido) se prevé a concesión nominativa e directa dunha subvención por importe de 87.000 €, para organización do Entroido 2023, que será asignada entre as duas entidades do seguinte xeito:

a) Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291 a cantidade de 44.560,00 € (corenta e catro mil cincocentos sesenta euros)

b) A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, CIF G-36.704.666 a cantidade 42.440,00 € (corenta e dous mil catrocentos corenta euros)

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” e Agrupación de Centros Deportivos e Culturais non están incursas en prohibición para ser beneficiarias das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchanse ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte

a Seguridade Social e non teñen débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

De conformidade co artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da concesión da subvención nominativa, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

Á vista do que antecede, e coa conformidade do Concelleiro Delegado da área de Participación Cidadá e Festas e do Concelleiro de Orzamentos e Facenda, e tras os informes favorables Xurídico e da Intervención Xeral, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

**PROPOSTA.**

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención nominativa a favor das entidades Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291 e Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", CIF- G-36.704.666, para a organización dos actos do Entroido 2023 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto total de 87.000,00 euros a favor das entidades Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, (CIF G-36.791.291) con enderezo social na rúa Ecuador, nº 34 baixo e da Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", (CIF- G-36.704.666) con enderezo social na rúa Otero Pedraio, nº5, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 9643-335. Este crédito é con cargo á partida 3380.4800002 do vixente orzamento.

A subvención municipal será asignada entre as dúas entidades do seguinte xeito:

a) Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291 a cantidade de 44.560,00 € (corenta e catro mil cincocentos sesenta euros)

b) A Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", CIF G-36.704.666 a cantidade 42.440,00 € (corenta e dous mil catrocentos corenta euros)

TERCEIRO: Autorizar un pago anticipado, de ata un máximo do 40% da cantidade estipulada, na data da sinatura do presente convenio, tal e como se recolle no artigo 34.4. da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e na base 38.7 das de execución do orzamento xeral.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DO TEXTO DE CONVENIO PARA REGULAR OS TERMOS DA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO" PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DO ENTROIDO 2023

Vigo, na data da sinatura dixital

**REUNIDOS**

Dunha parte,

D. Pablo L. Estévez Rodríguez na súa calidade de CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E FESTAS DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros/as de área do Concello de Vigo de data 04/09/2020 e os acordos da Xunta de Goberno Local de delegación de competencias nos/as concelleiros/as-delegados/as de área aprobados con data do 20/06/2019 e modificacións do 04/07/2019, 11/07/2019, 05/09/2019, 18/08/2020, 05/11/2020 (rectificación de erros do texto consolidado), 23/12/2020 (rectificación de erros do texto)

E doutra

Dona MARÍA CONCEPCIÓN ÁLVAREZ ABALDE presidenta da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DE VIGO, CIF. G-36.791.291, enderezo social na rúa Ecuador nº 34 VIGO, e número de inscrición 386/95 no rexistro municipal de asociacións, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do secretario que figura na documentación do expediente.

D. CAMILO PAIS MARTÍNEZ, como presidente da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na praza dos Galegos Ilustres de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente.

En adiante, estas dúas últimas denominaranse "COMISIÓN ORGANIZADORA".

Intervindo as partes coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, e recoñecéndose mutuamente a capacidade legal suficiente, que din non teren limitada, para o outorgamento do presente Convenio

**M A N I F E S T A N**

1. Que o **Entroido** é un dos eventos festivos populares máis participativos e de maior arraigo na cidade de Vigo, no que a cidadanía toma a cidade como protagonista e a rúa como espazo privilexiado das festas.

2. Que o Concello de Vigo leva a cabo dende hai anos unha labor importante de recuperación e impulso desta festividade, mediante a programación de actividades de animación socioculturais diversas, tales coma concursos de comparsas de carrozas e disfraces, carreira popular do Entroido, etc. e cun amplo programa de actuacións musicais, animación infantil, pregón, queima do meco, etc.

3. Que no **Entroido** participan activamente e de forma intensa diversas entidades de carácter cultural, social e veciñal, aspecto que vén recollido na propia lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

4. Que dende o ano 1996 estanse a asinar convenios entre estas entidades e o Concello de Vigo, cun resultado moi satisfactorio para ambas as partes. Por todo isto, as entidades que forman a COMISIÓN ORGANIZADORA amósanse interesadas e dispostas a organizar a programación da presente edición do **Entroido** na cidade de Vigo.

5. Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.480.0002 (convenio Entroido), prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 87.000,00 (oitenta e sete mil) euros para a organización do Entroido 2023.

6. Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente. Os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a **programación, organización e execución do Entroido 2023,** que se desenvolverá entre os días 17 ao 22 de febreiro en diversos puntos da cidade.

7. Que o carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

8. Que a Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" (CIF G-36.704.666) e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo (CIF G-36.791.291) non están incursas en prohibición para ser beneficiarias das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchanse ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non teñen débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente de referencia.

Polo que, en consideración ao antes exposto, o Concello de Vigo e a COMISIÓN ORGANIZADORA establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

## C L Á U S U L A S

**Primeira.- Obxecto do convenio**

O presente convenio ten por obxecto a organización da programación do **"ENTROIDO 2023"** que se oferta á cidade de Vigo, segundo programa das actividades e bases dos diferentes concursos que forman parte do expediente nº 9643-335.

**Segunda.- Lugar e data**

A programación do ENTROIDO 2023 levarase a cabo na cidade de Vigo nos días e lugares que aparecen na devandita programación: do venres, 17 de febreiro ao mércores 22 de febreiro de 2023.

A tal fin a produción destas actividades deberá suxeitarse ás normas e procedementos que se establecen na programación e nas bases dos concursos, cumprindo en todo momento os principios de publicidade e concorrencia.

**Terceira.- Características da subvención**

**1º.-** O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente á Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" (CIF G-36.704.666) e á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo (CIF G-36.704.666), unha subvención por importe de **87.000,00 euros** para o desenvolvemento das actividades do ENTROIDO 2023, que se financiará con cargo aos créditos consignados no programa orzamentario da Concellería de Festas, na aplicación 3380.480.0002 (convenio entroido), do exercicio

económico do 2023. A desagregación deste orzamento figura no anexo III deste convenio, segundo o presentado pola COMISIÓN ORGANIZADORA.

**2º.-** O CONCELLO DE VIGO abonará a cantidade de 87.000 € co fin de fomentar as actividades e espectáculos que desenvolven as entidades asinantes no período do entroido, nesta cidade.

O outorgamento desta subvención realizarase consonte ao procedemento legalmente establecido que esixe, unha vez executada a actividade prevista para o Entroido 2023:

a) A presentación por rexistro de entrada do Concello de Vigo da correspondente solicitude da subvención, xunto coa memoria final das actividades realizadas, debidamente asinadas por ámbalas dúas entidades, así como o certificado de número de conta de titularidade e os certificados de débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda (ATRIGA), coa Axencia Tributaria do Estado e co Concello de Vigo (este último poder ser obtido de oficio por este Concello).

a) Certificado de conformidade do cumprimento do programa previsto neste convenio asinado polo personal técnico da Concellería de Participación Cidadá e Festas.

A subvención municipal será asignada entre as dúas entidades do seguinte xeito:

a) Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo, CIF G-36.791.291 a cantidade de 44.560,00 € (corenta e catro mil cincocentos sesenta euros)

b) A Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", CIF G-36.704.666 a cantidade de 42.440,00 € (corenta e dous mil catrocentos corenta euros)

**3º.-** A beneficiaria pode solicitar un pago anticipado, de ata un máximo do 40% da cantidade estipulada, na data da sinatura do presente convenio, no momento de xustificación procederase á tramitación do pagamento final pola cantidade restante. Este anticipo é necesario para poder levar a cabo as actuacións anteditas e queda condicionado á presentación e conformidade dos documentos orixinais que xustifiquen a realización da actividade, tal e como se recolle no artigo 34.4. da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e na base 38.7 das de execución do orzamento xeral.

**Cuarta.- Xustificación**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a COMISIÓN ORGANIZADORA está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica https://sede.vigo.org

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e

telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A beneficiaria, deberá xustificar antes do 1 de novembro de 2023, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

No caso de que a Comisión organizadora se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se as Entidades se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como estabelece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Quinta.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e que se atopan recollidos no anexo II ao convenio, e se realicen no exercicio económico do convenio.

**Sexta.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Participación Cidadá e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Sétima.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Oitava.-** A difusión aós medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, entrevistas, traballos, etc.) deberá estar acordada coa Concellería de Participación Cidadá e Festas.

Así mesmo, todo o persoal de organización ou relacionado coa mesma deberá utilizar o galego para dirixirse ao público asistente ás actividades do programa, e en todo caso cumprir co estipulado na Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística.

**Novena.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Décima.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

**Décimo primeira.**- Establécese a seguinte composición da comisión ORGANIZADORA, os cales serán os únicos interlocutores válidos da mesma xunto ó persoal técnico da Concellería de Participación Cidadá e Festas:

- Pola Agrupación de Centros deportivos e Culturais de Vigo (CIF G-36.791.291): A interlocutora titular dona María Concepción Álvarez Abalde e o interlocutor suplente: Dna. Sandra López Méndez.
- Pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” (CIF.- G-36.704.666): O interlocutor titular don Camilo País Martínez e o interlocutor suplente: D. Raul Vila Caride

Así mesmo, forman parte desta comisión en representación do Concello de Vigo, con funcións de supervisión, seguimento e control de todo o referente á organización, desenvolvemento o persoal técnico da Concellería de Participación Cidadá e Festas.

Durante o desenvolvemento das actividades incluídas no programa, o responsable da comisión ORGANIZADORA estará en permanente contacto co responsable da empresa contratada para a realización e coordinación do Plan de Autoprotección e medidas de Emerxencia para as actividades do Entroido 2023, así como con todo o persoal despregado, membros de Policía Local, Protección Civil, e servizos de primeiros auxilios presentes.

Así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico do servizo de Festas da Concellería de Participación Cidadá e Festas. Para facer posible este cometido, a organización deberá dispor dun mínimo de dez intercomunicadores ao seu cargo, ademais de teléfonos móbiles ou outro sistema de comunicación similar, en perfecto estado de uso e coa suficiente batería para garantir esta función, durante todo o período de desenvolvemento da actividade.

Coa periodicidade necesaria, e previa comunicación cun mínimo dun día de antelación, estabeleceranse as reunións necesarias co obxecto de concretar os criterios organizativos para o desenvolvemento dos eventos e entrega da información escrita precisa acerca da organización dos mesmos.

A comisión presentará na Concellería de Participación cidadá e Festas nos tres días hábiles seguintes á finalización do programa, un informe de seguimento do evento coas incidencias acontecidas, no seu caso, antes, durante e despois do seu desenvolvemento.

**Décimo segunda**.- As obrigas que asume a COMISIÓN ORGANIZADORA respecto do Concello son as seguintes:

1. Planificación, seguimento, execución e produción integral do programa obxecto deste convenio, segundo o proxecto, e que foi confeccionado pola comisión organizadora.
2. Achegar a información sobre os tipos de espectáculos e actividades previstos e realizar unha previsión aproximada de asistencia do público.
3. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos e realizar, no seu caso, as correccións técnicas que resulten necesarias.
4. En canto a instalación e montaxe das infraestruturas necesarias para a produción, deberán contar coas certificacións técnicas esixibles e, no caso de tratarse de maquinaria e/ou vehículos, contar coa declaración de conformidade do fabricante CE e copia da documentación da ITV conforme, correspondente a escenarios móbiles ou documento análogo acreditativo do estado de idoneidade do mesmo (asinado polo técnico competente).
5. Boletíns eléctricos de instalación (asinados polo técnico competente).
6. Deberá presentar neste concello, con carácter previo á celebración dos actos previstos no seu programa de actividades do Entroido, o correspondente Plan de Autoprotección e de Medidas de emerxencias para o desenvolvemento da programación do Entroido 2023, con indicación expresa do seu responsable.

7. Proporcionar toda a infraestrutura e o persoal de organización cualificado necesarios para as actividades comprendidas na programación obxecto do convenio, ademais de cubrir os desprazamentos necesarios. Así mesmo terán que nomear os/as "Xefes/as de Equipo" encargados da coordinación das persoas voluntarias, (ata oito xefes de equipo por entidade). Con respecto as persoas voluntarias levarán durante o desenvolvemento das actividades nas que participen, en concreto durante o concurso de comparsas e carrozas do día 18 de febreiro, o chaleco identificativo de Voluntario. Tanto o persoal contratado polas entidades, como as persoas voluntarias terán prohibido o consumo de alcohol e tabaco durante o desenvolvemento das actividades recollidas no programa.

8. Comprobar o día anterior e o mesmo día do desfile do concurso de comparsas e carrozas que a altura da iluminación do Entroido 2023, permite o paso das carrozas e máis de calquera elemento de animación inscritos nas comparsas.

9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento dos eventos; a comisión ORGANIZADORA entregará ao Concello copia da póliza e do recibo correspondente, nos días previos ao inicio da festa. O importe da póliza cumprirá o establecido na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

10. Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade, especialmente cumprir os requisitos para a tramitación de eventos e festas populares esixidos pola oficina de seguridade e mobilidade trala entrada en vigor da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

11. Cumprimento do establecido no Plan de Autoprotección para o actos do Entroido 2023 ao amparo do previsto no Decreto 171/2010 e RD 393/2007 polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección que esixe o Plan de Autoprotección cando o evento popular supere o aforo de 20.000 persoas.

12. En cumprimento coa disposición adicional cuarta da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade de Galicia relativa a "festas e verbenas populares organizadas por agrupacións o asociacións de veciños/as o por comisiones de festas" que establece que:

    As festas e verbenas populares organizadas por agrupacións o asociacións de veciños/as o por comisións de festas requirirán a presentación dunha declaración responsable dirixida ao Concello e formulada polos representantes da agrupación, asociación o comisión na que se relate o programa das actividades a realizar e súas características. A declaración terá que acompañarse do compromiso de contratación dun seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia o documentación acreditativa da dispoñibilidade do mesmo.

13. Se as actividades contemplan a montaxe de instalacións suxeitas a declaración responsable o a licencia á que se refiren os artigos 40 e 42, esta será presentada o solicitada pola persoa titular da instalación.

14. Realizar as contratacións necesarias para o desenvolvemento do programa de acordo cos límites establecidos polos arts. 29 da LXS e 27 da LSG:

    a) Animacións de rúas (murgas, charangas e grupos de animación)
    b) Contratación da sinalización e valados de seguridade, cortes de tráfico, estrutura para persoas con mobilidade reducida, punto de encontro de nenos perdidos, megafonía, luces e son, intercomunicadores, plataforma- escenario de 8 x 6 metros como mínimo e calquera outra necesaria para o desenvolvemento do programa.
    c) Deseño, realización e instalación do Meco.
    d) Iluminación ornamental para os espazos adicados ao Entroido 2023.
    e) Escenografía do pregón, sentenza, xuízo, velorio e enterro do Meco.
    g) Obradoiros e actividades lúdicas da programación infantil.
    h) Decoración do espazo para o desenvolvemento dos concursos.
    i) Servizos de cruz vermella.
    j) Megafonía e iluminación.
    k) Elaboración do Plan de Autoprotección, inscripción do REGAPE e coordinación de seguridade nos eventos programados.
    l)Calquera outro gasto necesario para o bo desenvolvemento do programa.

15. Devolver os equipamentos cedidos polo Concello e os lugares onde se desenvolvan as actividades nas mesmas condicións da entrega. As perdas ou deterioros destes materiais ou instalacións serán restituídas pola comisión ORGANIZADORA, dentro do período de vixencia do presente convenio.

16. Comunicar os posíbeis cambios no programa que se puidesen producir, antes do seu comezo, para recabar a correspondente conformidade do persoal técnico do Servizo de Festas ás posibles modificacións. Así mesmo, deberán comunicar, á maior brevidade posíbel, calquera incidencia acontecida durante o desenvolvemento do programa (necesariamente deberase remitir informe escrito do feito acontecido por parte dos responsables da comisión).

17. Asumir todos os seguros relativos ás infraestruturas, actividades e espectáculos que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente: responsabilidade civil, accidentes, etc, para dar resposta ás posíbeis incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade das entidades asinantes. As entidades presentarán copia destes seguros antes da sinatura do presente convenio.

18. Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, deberán cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ao respecto.

19. Presentar na Concellería de Participación Cidadá e Festas a memoria de execución, contendo a programación desenvolvida, datos de participación e asistentes, recursos utilizados, avaliación, balance de gastos e ingresos finais, relación detallada dos gastos executados cos datos do emisor da factura, CIF/NIF, data e importe con todos

os impostos incluídos e retencións que proceda aplicar, memoria de prensa, rexistros fotográfico e audiovisual, incidencias).

20. Darlle á programación a maior difusión posíbel, utilizando os mecanismos habituais da Concellería de Participación Cidadá e Festas, e respectando a imaxe corporativa do Concello de Vigo.

21. Xestionar e aboar os dereitos de autor que se xeren como consecuencia desta programación.

22. Organizar a distribución dos diferentes elementos que compoñen o desfiles-concurso de comparsas, concursos de disfraces infantil e adultos e enterro do Meco nos lugares de concentración e percorrido establecidos.

23. Asumir todos os gastos de produción e entrega dos premios derivados dos diferentes concursos de comparsas, carrozas, disfraces previstos, conforme as bases e que se achega ao expediente e no presuposto.

24. A comisión organizadora procurará sempre que sexa posible solicitar varios orzamentos para cada contratación que se realice, co obxecto de debatelos na comisión e escoller a opción máis vantaxosa, material gráfico, animación infantil e material escenográfico.

**Décimo terceira.-** As obrigas que asume o Concello de Vigo son as seguintes:

1. O Concello de Vigo comprométese a achegar as cantidades mencionadas na cláusula terceira puntos 1, 2 e 3, para financiar a realización do programa do ENTROIDO 2023, segundo o presuposto que figura no expediente.

2. O servizo de Festas da Concellería de Participación Cidadá e Festas xestionará a presenza do persoal dos diferentes servizos municipais necesarios para a produción dos eventos, en particular os servizos de Policía Local, Protección Civil e Bombeiros, así como a xestión de todas aquelas accións que se derivan da reserva das instalacións municipais necesarias.

3. O Servizo de Festas facilitará na medida do posíble a tramitación interna de todos os permisos e autorizacións municipais necesarios para a realización das actividades do ENTROIDO 2023 recollida na programación.

**Décimo cuarta.-** A participación en todas as actividades previstas no programa do Entroido 2023 serán gratuítas e dirixidas ó público en xeral, limitándose unicamente ao aforo dos recintos e espazos onde se leven a cabo.

**Décimo quinta.-** O mecanismo de seguimento da execución deste convenio estabelécese con base nas memorias e informes que presente a comisión organizadora e da presenza do persoal técnico da Concellería de Participación Cidadá e Festas nas propias actividades que se determinen.

**Décimo sexta-** O Concelleiro Delegado da área de Participación Cidadá e Festas queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

**Décimo sétima.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer as entidades beneficiarias da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo novena. –** Os datos persoais facilitados nos formularios son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento do deporte, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.

Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

**Viséxima.-** En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a

coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o estabelecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

**Vixésimo primeira.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

## 12(102).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº1 DAS OBRAS DE "REXENERACIÓN DO PASEO DO FRONTE MARÍTIMO DA VILA DE BOUZAS". EXPTE. 875/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 30/12/2022 e o informe de fiscalización do 14/02/2023, dáse conta do informe-proposta do 09/12/2022, asinado polo técnico de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

**<u>Antecedentes.</u>**

**1º.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de abril de 2021, adoptou o seguinte acordo:

*«Aprobar o Proxecto de "REXENERACION DO PASEO DO FRONTE MARITIMO DA VILA DE BOUZAS", redactado polo Arquitecto Angel J. Santorio Cuartero, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRES MILLONS SETECENTOS CINCUENTA E OITO MIL SETECENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON SESENTA E CATRO CENTIMOS (3.758.772,64 €), e data Decembro de 2020, e con sinatura dixital de data 22.02.2021»*. Expte. 4879-443.

**2º.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16 de setembro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

*"Adxudicar á CIVIS GLOBAL S.L.U.(B-36.684.157) o procedemento aberto , para a contratación das obras do proxecto de Rexeneración do paseo do fronte marítimo da vila de Bouzas" (875-441) por un prezo total de 3.167.141,82 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 549.669,24 euros.*
*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**3º.-** O Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 16 de setembro de 2021, acordou resolver: *"Aprobar o nomeamento como titulares da Dirección Facultativa da obra do proxecto de "REXENERACIÓN DO PASEO DO FRONTE MARÍTIMO DA VILA DE BOUZAS" (875-441) ao Enxeñeiro en Xeomática e Topografía, D. PABLO SAAVEDRA SALGUEIRO e ao Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑO"*. Expte. 5203-443.

**4º.-** En data 28 de outubro de 2021, asínase acta de comprobación do replanteo, dando comezo as obras ao día seguinte. Expte. 5203-443.

**5º.-** Con data 25 de febreiro de 2022, o Concelleiro Delegado da Area de Fomento e Servizos resolveu aprobar o cambio de nomeamento como titulares da Dirección facultativa da obra de REXENERACION DO PASEO DE FRONTE MARITIMO DA VILA DE BOUZAS (875-441) do Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Jerónimo Centrón Castaños polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Manuel Eiras Silva. Expte. 5203-443.

**6º.-** Con data 7 de abril de 2022, a Dirección facultativa da obra emite informe solicitando o inicio do expediente de modificación do proxecto de "REXENERACION DO PASEO DE FRONTE MARITIMO DA VILA DE BOUZAS (Expte. 875-441).

Tendo en conta o anterior, o Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, en data 18 de abril de 2022, resolveu aprobar o inicio do expediente administrativo para a modificación do proxecto das obras de "REXENERACION DO PASEO DE FRONTE MARITIMO DA VILA DE BOUZAS (875-441) ".

**7º.-** En data 11 de maio de 2022, a Dirección Facultativa da obra solicita conformidade do órgano de contratación para a continuación provisional das obras referentes ao modificado nº 1.

Tendo en conta o anterior, en data 23 de maio de 2022, o Concelleiro da Área de Fomento e Servizos acordou a continuidade provisional das obras do proxecto modificado nº1 de "REXENERACIÓN DO PASEO DE FRONTE MARITIMO DA VILA DE BOUZAS", nos termos da proposta técnica da dirección facultativa de data 11 de maio de 2022. Expte. 875-441.

| ***C13*** | ***XARDINERIA E PAISAXISMO*** | ***207.128,46*** | ***207.128,46*** | ***0,00*** | ***0,00*** | ***0,00*** | ***0,00*** |
| ***C14*** | ***XESTIÓN DE RESIDUOS*** | ***18.791,21*** | ***31.981,08*** | ***13.189,87*** | ***0,00*** | ***0,00*** | ***13.189,87*** |
| ***C15*** | ***SEGURIDADE E SAÚDE*** | ***11.506,64*** | ***11.506,64*** | ***0,00*** | ***0,00*** | ***0,00*** | ***0,00*** |
| ***C16*** | ***VARIOS*** | ***14.176,97*** | ***14.176,97*** | ***0,00*** | ***0,00*** | ***0,00*** | ***0,00*** |
| | ***TOTAL E.M.*** | ***2.610.440,06*** | ***2.997.861,45*** | ***142.340,34*** | ***186.272,13*** | ***58.808,92*** | ***387.421,39*** |
| | ***13% G.G.*** | *339.357,21* | *389.721,99* | | | | |
| | ***6% BI*** | *156.626,40* | *179.871,69* | | | | |
| | ***SUMA*** | ***3.106.423,67*** | ***3.567.455,13*** | | | | |
| | ***BAixA 15,74%*** | *488.951,09* | *561.517,44* | | | | |
| | ***TOTAL*** | ***2.617.472,59*** | ***3.005.937,69*** | | | | |
| | ***IVA 21%*** | *549.669,24* | *631.246,92* | | | | |
| | ***TOTAL CON IVA*** | ***3.167.141,83*** | ***3.637.184,61*** | ***172.695,81*** | ***225.996,48*** | ***71.350,49*** | ***470.042,78*** |
| | ***% MODIFICADO RESPECTO PROYECTO*** | | | ***5,45%*** | ***7,14%*** | ***2,25%*** | ***14,84%*** |

*As variacións recollidas no presente modificado Nº1 son debido a modificacións que atenden as circunstancias recollidas nas FEC, así como a modificacións non substanciais e variacións de unidades do mesmo relativas ao incremento / diminución de medicións das unidades existentes conforme ao artigo 242.4 i) da LCSP, co seguinte resumo:*

| | ***PEM*** | ***LIQUIDO*** | ***% respecto do P.E.M orixInal*** |
|---|---|---|---|
| ***MODIFICACIONES art. 204 LCSP (modificacións previstas no PCAP)*** | *142.340,34* | *172.695,81* | *5,45%* |
| ***MODIFICACIONES art. 205.2c) LCSP (modificacións non substanciais)*** | *186.272,13* | *225.996,48* | *7,14%* |
| ***VARIACIONES DE MECICIÓN art. 242.4i LCSP*** | *58.808,92* | *71.350,49* | *2,25%* |
| ***TOTAL*** | ***387.421,39*** | ***470.042,78*** | |

*As modificacións non previstas non son substanciais no sentido indicado no apartado 2.c)*

*do artigo 205 da LSCP, xa que a obra resultante coas modificacións descritas non requiren clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, non se introducen unidades de obra novas que representen máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato (supón 4,01%) nin tampouco amplía o ámbito do contrato, xa que coas modificacións non se supera o 15% do prezo inicial do contrato  (supón o 7,14%) nin se encontran as novas obras propostas no ámbito doutro contrato iniciado.*

| | Importe E.M. | Líquido | % respecto do P.E.M orixInal |
|---|---|---|---|
| IMPORTE DE UNIDADES DE OBRA NOVA INTRODUCIDAS (Art. 205.2C 2º, LCSP) | 104.663,77 | 126.984,33 | 4,01% |
| VALOR DA ALTERACIÓN NA CUANTÍA DO CONTRATO POLAS MODIFICACIÓNS NON PREVISTAS (Art. 205,2C 3º(i) LCSP) | 186.272,13 | 225.996,48 | 7,14% |

## VII.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN

*Para a execución das actuacións proxectadas, no proxecto modificado contemplase unha ampliación por un período adicional de 4 meses sobre o prazo de execución da obra.*

*Dita ampliación xa foi solicitada e aprobada tras ditarse resolución de continuidade provisional das obras, mediante resolución do Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 5 de outubro de 2022, polo que non é necesario solicitar novamente dita ampliación.*

## VIII.- CONCLUSIÓNS

*As citadas modificacións, propostas no presente Modificado nº 1 das obras de "REXENERACION DO PASEO DO FRONTE MARITIMO DA VILA DE BOUZAS" , estímase que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e que son de interese público, xa que permiten levar a cabo en condicións adecuadas a execución da obra.*

*Ten que sinalarse que o conxunto de modificacións propostas, descritas polo miúdo no apartado II. Modificacións, resulta preciso para a correcta finalización da obra en execución, sendo o obxectivo das mesmas posibilitar o remate das obras de rexeneración do paseo do fronte marítimo da vila de Bouzas.*

- *As modificacións derivadas das condicións das redes de servizo existentes distintas das recollidas no proxecto (apartado II.1) resultan de interese público dado que a renovación completa do sistema (en estado moi deficiente) supón unha necesidade para poñer en uso as actuación recollidas no proxecto, garantindo a seguridade e o correcto funcionamento dos elementos ocultos, e lograr o seu obxectivo de recuperar, enriquecer e poñer en valor a área correspondente á fronte marítima da Vila para o uso e desfrute público. Así como optimizar a rede de xestión de augas para avanzar cara un sistema de tratamento máis respectuoso co medio, beneficio que recae sobre o conxunto da sociedade.*
- *Por outra banda, as modificacións non substanciais indicadas no apartado II.2, referidas á necesidade de garantir a accesibilidade aos vehículos de mantemento de alto tonelaxe, constitúen actuacións de interese público en tanto que dito mantemento é necesario para que a obra que se está a executar teña a maior vida útil posible, o cal levará a que futuras actuacións*

*de gran calado se produzan nun espazo de tempo máis longo e, por tanto, o público poda acceder ao paseo con seguridade e sen restricións á hora do seu uso.*

*Nembargantes, aínda que as circunstancias indicadas no apartado II.1. foron previstas no prego de cláusulas administrativas da licitación, as modificacións derivadas das condicións das redes de servizo existentes distintas das recollidas en proxecto obrigan á introdución de novas unidades de obra con novos prezos unitarios non previstos no contrato.*

*Asemade, en relación á modificación II.2. debemos indicar que a mesma non foi prevista no prego de cláusulas administrativas particulares e se limita a introducir as variacións estritamente indispensables e necesarias para responder a causa da seguridade e acceso de vehículos de mantemento, garantindo a seguridade das persoas usuarias do espazo público.*

*As modificacións derivadas das anteriores circunstancias citadas non son substanciais no sentido indicado no apartado 2.c) do artigo 205 da LCSP, xa que a obra resultante coas modificacións descritas non requiren clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, non se introducen unidades de obra novas que representen máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato (supón o 4,01 %) nin tampouco amplía o ámbito do contrato, xa que coas modificacións non se supera o 15% do prezo inicial do contrato (supón o 7,14 %) nin se encontran as novas obras propostas no ámbito doutro contrato iniciado.*

*En canto ao resto de modificacións, contempladas no apartado 6 das FEC, indícase que a variación cualitativa e cuantitativa das mesmas en relación ao prezo do contrato, non supera as limitacións establecidas no PCAP reitor do contrato, xa que no seu apartado 6 d das FEC, límites da modificación, sinala que a contía máxima da modificación non superará o 20% sobre o prezo do contrato (supón o 5,45 %).*

*Así mesmo, considérase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste, e non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.*

*As modificacións que se formulan non alteran as condicións de adxudicación e licitación recollidas no PCAP que rexen a contratación das obras.*

*Os prezos contraditorios que se propoñen, consecuentes á solución técnica adoptada, refírense á data de licitación calculados sobre a base do proxecto orixinal aprobado para a adxudicación da obra, en todo o que se refire aos prezos unitarios de man de obra, materiais e maquinaria, e a os custos indirectos dos prezos descompostos.*

*Ademais, tendo en conta o artigo 160.2 do RD 10982001, recóllense no presente modificado, as variacións de medicións de certas unidades existentes no proxecto orixinal, que non igualan nin exceden, en máis ou menos o 10% do prezo de adxudicación do contrato, polo que, se da cumprimento ao artigo 242.4 da Lei 9/2017 del 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de Febreiro de 2014."*

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**I.-** A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece no seu artigo 190 que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta (artigo 203 LCSP), dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e para os efectos sinalados na Lei.

Respecto á xustificación do interese público, a dirección facultativa argumenta no seu informe reproducido nos antecedentes, que as modificacións propostas no modificado n.º 1 das obras de "REXENERACION DO PASEO DO FRONTE MARITIMO DA VILA DE BOUZAS", estímase que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e que son de interese público, xa que permiten levar a cabo en condicións adecuadas a execución da obra.

Asemade informan o seguinte:
*"(...)*
*Ten que sinalarse que o conxunto de modificacións propostas, descritas polo miúdo no apartado II. Modificacións, resulta preciso para a correcta finalización da obra en execución, sendo o obxectivo das mesmas posibilitar o remate das obras de rexeneración do paseo do fronte marítimo da vila de Bouzas.*

- *As modificacións derivadas das condicións das redes de servizo existentes distintas das recollidas no proxecto (apartado II.1) resultan de interese público dado que a renovación completa do sistema (en estado moi deficiente) supón unha necesidade para poñer en uso as actuación recollidas no proxecto, garantindo a seguridade e o correcto funcionamento dos elementos ocultos, e lograr o seu obxectivo de recuperar, enriquecer e poñer en valor a área correspondente á fronte marítima da Vila para o uso e desfrute público. Así como optimizar a rede de xestión de augas para avanzar cara un sistema de tratamento máis respectuoso co medio, beneficio que recae sobre o conxunto da sociedade.*

- *Por outra banda, as modificacións non substanciais indicadas no apartado II.2, referidas á necesidade de garantir a accesibilidade aos vehículos de mantemento de alto tonelaxe, constitúen actuacións de interese público en tanto que dito mantemento é necesario para que a obra que se está a executar teña a maior vida útil posible, o cal levará a que futuras actuacións de gran calado se produzan nun espazo de tempo máis longo e, por tanto, o público poda acceder ao paseo con seguridade e sen restricións á hora do seu uso."*

**II.-** Asemade, o artigo 203.2 da LCSP contempla que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación solo poderán modificarse durante a súa vixencia, cando se de algún dos seguintes supostos:

a) Cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos términos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP;
b) Excepcionalmente cando sexa necesario realizar unha modificación que non está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 205.

Polo tanto, a LCSP prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 204 e 205 da LCSP). No primeiro caso regúlanse as modificacións previstas na documentación que rexe a licitación e no segundo as modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación.

**III.**- En relación coa posibilidade de modificación prevista no artigo 204 da LCSP , no apartado 6 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 16 de xullo de 2021, establécese a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- Aspectos a modificar: as unidades de obra relacionadas con demolicións e levantados, movementos de terra, firmes e pavimentos, estruturas, rede de abastecemento, pluviais, saneamento, rego iluminación pública, enerxía eléctrica, telecomunicacións, mobiliario urbano , xardinería e paisaxismo, seguridade e saúde e xestión de residuos

- Circunstancias que determinan a modificación:
  - Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas e da fisionomía do terreo, estado das estruturas e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto

  - Necesidades de adaptación ao contorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.

De conformidade co disposto no devandito artigo 204 LCSP e no Prego, as modificacións en ningún caso poderán superar o 20% do prezo inicial do contrato.

Neste caso, consta no informe da dirección facultativa, que as modificacións previstas a tenor do disposto no artigo 204 da LCSP ascenden a un total de 172.695,81 euros, supoñendo o 5,45% do prezo do contrato.

**IV.-** Asemade, en relación coa posibilidade de modificación regulada no artigo 205 da LCSP, as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares o que, habendo sido previstas, no se axusten ao establecido no artigo 204, solo poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

a) Que atope a súa xustificación en algún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo.
b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder a causa obxectiva que as faga necesarias.

Entre os supostos que eventualmente poderían xustificar una modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra tódolos requisitos recolleitos no apartado anterior, figura a seguinte (art.205.2.c) da LCSP):

- Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a necesidade das mesmas, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

Unha modificación dun contrato considerarase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio. En calquera caso, unha modificación considerarase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

1.º Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación.
En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso, esixiuse no procedemento de licitación orixinal.

2.º Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial.
En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, introduciríanse unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato.

3.º Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato.

En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando:
(i) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do prezo inicial do mesmo, IVE/IVE excluído, se se trata do contrato de obras ou dun 10 por cento, IVE/IVE excluído, cando se refira aos demais contratos, ou ben que supere o limiar que en función do tipo de contrato resulte de aplicación de entre os sinalados nos artigos 20 a 23.

Neste outro caso, consta no informe da dirección facultativa, que as modificacións non previstas a tenor do disposto no artigo 205.2 c) da LCSP ascenden a un total de 225.996,48 euros, supoñendo o 7,14% do prezo do contrato.

(ii) As obras, servizos ou subministracións obxecto de modificación áchense dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciou a tramitación do expediente de contratación.

**V.-** As circunstancias que dan lugar as modificacións propostas no apartado II.1 atópanse previstas no apartado 6 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato, e as circunstancias que dan lugar as modificacións propostas no apartado II.2, encádranse nas modificacións non previstas non PCAP – modificacións non substanciais- para responder a causa obxectiva da seguridade e acceso de vehículos de mantemento, garantindo a seguridade das persoas usuarias do espazo público, tal e como se xustifica no informe da dirección facultativa.

Nembargantes, aínda que as circunstancias que dan lugar as modificacións propostas indicadas no apartado II.1 foron previstas no PCAP reitor do contrato, nalgúns casos obrigan a introdución de novas unidades de obra con novos prezos unitarios non previstos no contrato, polo que ditas modificacións non se axustan ao establecido no artigo 204 da LCSP, e se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e que son necesarias para responder a ditas causas obxectivas.

Respecto as modificacións non previstas no PCAP – circunstancias que dan lugar as modificacións propostas no apartado II.2- se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e necesarias para responder da seguridade e acceso de vehículos de mantemento, garantindo a seguridade das persoas usuarias do espazo público. Polo que ditas modificacións expostas non son substanciais, nos termos da regulación da mesma que se establece no apartado c) do punto 2 do referido artigo 205.

Tal e como se indica no devandito informe da dirección facultativa, non se cumpren ningunha das tres condiciones que cualificarían ditas modificacións de substanciais, e mesmo en termos obxectivos por supoñer un incremento do prezo inferior ao 15% do contrato, conforme ao disposto no propio artigo 205.2. c.i) tería a consideración obxectiva de ser unha modificación non substancial.

En consecuencia, tal e como se indica nos fundamentos xurídicos, a proposta de modificación do contrato atópase contemplada nos supostos do artigo 204 e 205.2.c) da LCSP.

**VI.-** As especialidades procedimentais a seguir para a modificación dos contratos figuran reguladas con carácter xeral no artigo 207 da LCSP, figurando no artigo 242 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

1. Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).

2. Informe da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 191 do LCSP e 102 do RLCAP)

3. Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato cando no estivesen previstas no prego de cláusulas administrativas e a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 % do prezo inicial do contrato, IVA excluído, e o seu prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 191 da LCSP)

Os requisitos específicos para os contratos de obras previstos no artigo 242 da LCSP son:

1. Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que tivera fixado, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme ao articulo 211 da LCSP.

2. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, e se cumpran os requisitos que a tal efecto regula esta lei, recadará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que substanciarase coas seguintes actuacións:

   a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
   b) Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
   c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación así como dos gastos complementarios precisos.

Así mesmo, recadarase o informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 235 da LCSP (136.3 do RLCAP).

**VII.-** As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 204, 205, 206 e 242.1 da LCSP). No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha (art.242.1 da LCSP)

**VIII.-** Deberase publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil do contratante do órgano de contratación, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de tódolos informes que , no seu caso, recadaranse con carácter previo á aprobación, incluídos aqueles aportados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 63.3 e 207.3 da LCSP).

Asemade, remitirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 335 da LCSP).

**XIX.-** Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa, reproducido nos antecedentes da presente proposta, xustificativo da necesidade da modificación, do seu interese público, e do cumprimento das esixencias dos artigos 203, 204, 205 e 206 da LCSP así como do apartado 6 das FEC do PCAP reitor do contrato.

2º.- Consta autorización do Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 28 de abril de 2022, en virtude do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e Acordo de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros Delegados de Área de data 20 de xuño de 2019, órgano de contratación conforme ó previsto na Disposición Adicional 2ª da LCSP.

3º.- Consta audiencia ao redactor do proxecto, sen que formulara, en data 30.09.2022, consideracións ao mesmo. (Trámites 489,495 e 496 do expediente dixital).

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista sobre a modificación e os novos prezos, e a conformidade deste, en datas 30.09.2022 e 13.10.2022.(Trámites 488, 492, 494, 499, 501 e 503 do expediente dixital).

5º.- Consta informe favorable de supervisión do proxectos, realizado polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 01.12.2022.

6º.- Recóllense no proxecto modificado, de acordo co establecido no artigo 160 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante RXLCAP) de forma separada as variacións de medicións executadas de acordo ao artigo 242.4 i) da LCSP.

7º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 191.3.b da LCSP).

8º.-Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación respecta tanto o previsto no artigo 204 como no artigo 205 da LCSP.

9º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:
- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

10º.- Unha vez aprobado o mesmo:
- Debe ser formalizado.
- Debe reaxustarse a garantía definitiva ao producirse variación no prezo no prazo de 15 días dende a notificación do acordo de modificación (artigo 109.3 d LCSP)
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e artigo 203.3 da LCSP)

**X.-** Procede elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da LCSP:

## PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

**1º.-** Aprobar o proxecto modificado nº 1 das obras de **"REXENERACION DO PASEO DO FRONTE MARITIMO DA VILA DE BOUZAS"** redactado polos directores das obras, D. Pablo Saavedra Salgueiro, e D. Manuel Eiras Silva, o que supón unha importe líquido de **470.042,78 €**, supoñendo un 5,45 % (172.695,81 €) de modificación por causas xustificadas contempladas no artigo 204 da LCSP, un 7,14 % (225.996,48 €) de modificación por causas xustificadas contempladas no artigo 205.2c) da LCSP e un 2,25 % (71.350,49 €) por variacións de medicións do artigo 242.4. da LCSP.

**2º.-** Autorizar a o gasto, con cargo á partida orzamentaria 1532 619 0019, pola diferencia entre o gasto autorizado estimado para a continuidade provisional das obras do modificado nº1 por importe de 119.084,53 euros (documento contable ADRC nº 202200055174) e o gasto líquido adicional resultante do modificado nº1 por importe de 470.042,78 euros, ascendendo dita diferencia a un total de 350.958,25 euros ó alza.

**3º.-**Proceder ao reaxuste da garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.

**4º.-** Instar á mercantil CIVIS GLOBAL, S.L.U., adxudicataria do contrato de obra, á formalización do modificado do mesmo no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, nos termos do artigo 153 da LCSP, debendo acreditarse con carácter previo á formalización o reaxuste da garantía nos termos do apartado anterior.

**5º.-** Remitir ao Consello de Contas a modificación do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(103).- CORRECCIÓN DE ERROS NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DO SERVIZO PARA A XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES DE VIGOSÓNICO. Expte. 9624/336.**
A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 16/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 15/02/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de contratación, a concelleira-delegada de Área e a titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo para a xestión do centro de usos múltiples de Vigosónico (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo para a xestión do centro de usos múltiples de Vigosónico (PPT)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 2 de febreiro de 2023 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

*“1º.- Autorizar o gasto de 85.591,28 euros, correspondente ao valor total do contrato de Servizos para a prestación do servizo de xestión do centro de usos múltiples VIGOSÓNICO consistente no desenvolvemento das accións relacionadas coa actividade musical, outras disciplinas artísticas e actividades de dinamización xuvenil, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 da LCSP, así como os custes laborais, para a contratación da xestión da xestión do Centro de Usos Múltiples de Vigosónico.*

*O orzamento para o ano 2023 será 70.029.22 euros, que se imputará á partida orzamentaria 3370.227.99.01 “Gastos de Xestión e mantemento de Vigosónico”.*
*O orzamento para o ano 2024 será de 15.562,05 euros con cargo 3370. 227.99.01 do orzamento corrente e a súa bolsa de vinculación.*

*Anualidades.-*

*ANO 2023.- 9 meses (20 de febreiro -31 de decembro) agás o mes de agosto.*
*ANO 2024.- 2 meses (1 de xaneiro-20 febreiro).*

*ANUALIDADES CON IVE:*

| *ANO* | *IMPORTE* |
|---|---|
| *2023* | *70.029.22 €* |
| *2024* | *15.562,05 €* |

*2º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares asinado en data 1 de febreiro de 2023*

3º.- Acordar a apertura do procedemento de licitación para a selección de contratista/s na forma prevista na lexislación vixente.”

**Segundo.-** O 2 de febreiro de 2023 publicouse o anuncio de licitación no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

**Terceiro.-** Aberto o prazo para a presentación de ofertas, solicitáronse aclaracións sobre o importe do contrato o 8 de febreiro de 2023, das que se deu traslado ao servizo xestor. En concreto, as aclaracións referíanse a non inclusión nos gastos de persoal do custe das vacacións ás que tería dereito o persoal adscrito ao servizo. Asemade, se pedía aclaración sobre salario por hora do auxiliar/conserxe ao consideralo por debaixo do SMI para o ano 2023.

**Cuarto.-** Con data 15 de febreiro de 2023, o Servizo de Xuventude emite nova memoria económica asinada dixitalmente no que se inclúen as seguintes

correccións:

1. **Incremento do orzamento base de licitación** (tal e como se reflicte na táboa do Anexo I da memoria económica)
   - ➢ Por un lado, se inclúe nos custes de persoal os custes relativos ás vacacións do mesmo.
   - ➢ Por outro lado, se incrementa o salario por hora do auxiliar/conserxe tendo en conta o SMI para 2023 aprobado polo Real Decreto 99/2023, de 14 de febreiro (BOE nº 39 de 15 de febreiro de 2023).

| **ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN** | | | | | | **93.390,25 €** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Horario: De martes a domingo de 16:30 a 21:30 h, 11 meses ( agás festivos e o mes de agosto) | | | | | | |
| **XESTIÓN VIGOSÓNICO** | **PERSOAL** | **Nº HORAS** | | **PREZO/ HORA** | **+ 34% SEG.SOC.** | **IMPORTE TOTAL** |
| **CUSTES DIRECTOS** | 1 aux. conserxe/ porteiro/a | Parte fixa 30h semanais | 1320 | 8,68 € | 11,63 € | 15.353,18 € |
| | | Vacacións | 120 | | | 1.395,74 € |
| | | Parte variable | 50 | | | 581,56 € |
| | 1 coordinador/a | 30 h semanais * 11 meses | 1320 | 10,80 € | 14,47 € | 19.103,04 € |
| | | Vacacións | 120 | | | 1.736,64 € |
| | 1 Técnico/a de son | 30 h semanais * 11 meses | 1320 | 10,40 € | 13,94 € | 18.395,52 € |
| | | Vacacións | 120 | | | 1.672,32 € |
| | **DOCENTES DE OBRADOIROS MUSICAIS** | | | | | |
| | Baixo | | 128 | 10,40 € | 13,94 € | 1.783,81 € |
| | Batería | | 128 | | | 1.783,81 € |
| | Técnica Vocal | | 128 | | | 1.783,81 € |
| | Guitarra | | 128 | | | 1.783,81 € |
| | **SUBTOTAL** | | | | | |
| | Custe persoal | | | | | 65.373,24 € |
| | Custe reparación/reposición medios aux e materiais | | | | 15,00% | 9.805,99 € |
| | Absentismo | | | | 2,00% | 1.307,46 € |
| | *SUBTOTAL DE CUSTES DIRECTOS* | | | | | *76.486,69 €* |
| **CUSTES INDIRECTOS** | Gastos xerais | | | | 3,00% | 2.294,60 € |
| | Beneficio Industrial | | | | 8,00% | 6.118,94 € |
| *SUBTOTAL CUSTES DIRECTOS+INDIRECTOS SEN I.V.E.* | | | | | | *84.900,23 €* |
| **TOTAL PREZO CON I.V.E. (10%)** | | | | | | **93.390,25 €** |

2. **Modificación do réxime de pagamento**: tendo en conta a necesidade de modificación da memoria económica, e detectado un erro na referencia ao réxime de pagamento, procedese a realizar o seguinte cambio:

- Onde dicía: *“O pagamento realizarase unha vez rematada cada mensualidade de prestación do servizo polo importe que resulte de dividir o importe da parte fixa entre **12 mensualidades**, (...)”*
- Agora di: *“O pagamento realizarase unha vez rematada cada mensualidade de prestación do servizo polo importe que resulte de dividir o importe da parte fixa entre **11 mensualidades**, (...)”*

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A lexislación de procedemento administrativo faculta ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

No caso que nos ocupa habéndose modificado os custes establecidos na memoria económica e do réxime de pagamento, procedese a modificar os apartados A, B, C, E e G do punto 3. CONTIDO ECONÓMICO e o apartado 11. RÉXIME DE PAGAMENTO do Anexo I -FEC- do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe o procedemento.

Mencionar que, no caso do apartado 3.G das FEC procedese, asemade, a inclusión do prezo final con IVE, cando no PCAP a modificar incluíase sen IVE.

En consecuencia, proceder realizar as seguintes rectificacións:

- **No apartado 3.A do Anexo I -FEC- do PCAP**:
  - Onde di:
    **A) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído):** 85.591,28 €
    - Parte fixa: 84.978,03 €
    - Parte variable: 613,25 €
  - Ten que dicir:
    **A) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído):** 93.390,25 €
    - Parte fixa: 84.144,96 € (sen IVE) / 92.559,46 € (IVE incluído)
    - Parte variable: 755,27 € (sen IVE) / 830,80 € (IVE incluído)

- **No apartado 3.B do Anexo I -FEC- do PCAP:**
  - Onde di:
    **B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN:** 7.781,02 €
    - IVE parte fixa: 7.725,27 €
    - IVE parte variable: 55,75 €

    **B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN (10%):** 8.490,02 €
    - IVE parte fixa: 8.414,49 €
    - IVE parte variable: 75,53 €

- **No apartado 3.C do Anexo I -FEC- do PCAP:**
  - Onde di:

    **C) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:** 233.430,78 €
  - Ten que dicir:

    **C) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:** 254.700,69 €

- **No apartado 3.E do Anexo I – FEC- do PCAP**
  - Onde di:

    **E) ANUALIDADES CON IVE**

| ANO | IMPORTE |
|---|---|
| 2023 | 70.029.22 € |
| 2024 | 15.562,05 € |

  - Ten que dicir:

    **E) ANUALIDADES CON IVE**

| ANO | IMPORTE |
|---|---|
| 2023 | 70.042,69 € |
| 2024 | 23.347,56 € |

- **No apartado 3.G do Anexo I – FEC- do PCAP**
  - Onde di:

    **G) PREZOS UNITARIOS (sen IVE):**

| PERSOAL | Nº HORAS | | TOTAL CUSTE/HORA |
|---|---|---|---|
| 1 aux. conserxe/porteiro/a | Parte variable | 50h | **11,15 €** |

  - Ten que dicir:

    **G) PREZOS UNITARIOS (con IVE):**

| PERSOAL | Nº HORAS | | TOTAL CUSTE/HORA |
|---|---|---|---|
| 1 aux. conserxe/porteiro/a | Parte variable | 50h | **16,62 €** |

- **No apartado 11 do Anexo I – FEC- do PCAP**
  - Onde di:
    - “O pagamento realizarase unha vez rematada cada mensualidade de prestación do servizo polo importe que resulte de dividir o importe da parte fixa entre 12 mensualidades, (...)”
  - Ten que dicir:

- "O pagamento realizarase unha vez rematada cada mensualidade de prestación do servizo polo importe que resulte de dividir o importe da parte fixa entre 11 mensualidades, (...)"

**Segundo.-** No caso de que se produzan modificacións nos pregos, a lei impón ao órgano de contratación a obriga de ampliación dos prazos de presentación de ofertas sempre que se trate de modificacións significativas (artigo 136.2 da LCSP), e determina os supostos que se consideran modificación significativa dos pregos. Estas son as que afecten:

- A clasificación requirida
- O importe e o prazo do contrato
- As obrigacións do adxudicatario
- O cambio ou a variación do obxecto do contrato

Polo tanto, a corrección realizada supón unha modificación do importe do contrato, tratándose así dunha modificación significativa polo que procede a ampliación do prazo de presentación de ofertas.

Establece a lei que a duración da prórroga, en todo caso, será proporcional á importancia da información solicitada polo interesado. Asemade, o artigo 136.3 establece que "*Cando as proposicións só poidan realizarse despois dunha visita sobre o terreo ou previa consulta «in situ» da documentación que se achegue ao prego, os prazos mínimos para a presentación das ofertas e solicitudes de participación que establece esta Lei, ampliaranse de forma que todos os que interesados afectados poidan ter coñecemento de toda a información necesaria para preparar aquelas*. No caso que nos ocupa, ao afectar a modificación ao importe do contrato, por razóns de seguridade xurídica, óptase por iniciar de novo o prazo de presentación das proposicións.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP.

**ACORDO**

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"1º.- Rectificar os apartados 3.A, 3.B, 3.C, 3.E, 3.G e 11 do Anexo I -FEC- do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do servizo para a xestión do centro de usos múltiples de Vigosónico,*

*por existir erros no contido económico do contrato e no réxime de pagamento, quedando redactado nos seguintes termos:*

*3. CONTIDO ECONÓMICO*
*A) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído): 93.390,25 €*

- *Parte fixa: 84.144,96 € (sen IVE) / 92.559,46 € (IVE incluído)*
- *Parte variable: 755,27 € (sen IVE) / 830,80 € (IVE incluído)*

*B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN (10 %): 8.490,02 €*

- *IVE parte fixa: 8.414,49 €*
- *IVE parte variable: 75,53 €*

*C) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 254.700,69 €*

*E) ANUALIDADES CON IVE:*

| ANO | IMPORTE |
|---|---|
| 2023 | 70.042,69 € |
| 2024 | 23.347,56 € |

***G) PREZOS UNITARIOS (con IVE):***

| PERSOAL | Nº HORAS | | TOTAL CUSTE/HORA |
|---|---|---|---|
| 1 aux. conserxe/porteiro/a | Parte variable | 50h | 16,62 € |

*2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 15 de febreiro de 2023 pola técnica de administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación que recolle as rectificacións sinaladas no punto anterior.*

*3º.- Reiniciar o prazo de presentación das proposicións.*
*4º.- Publicar este acordo e o prego de cláusulas administrativas particulares do 15 de febreiro de 2023 no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.*
*5º.- No suposto de que se tivera presentado algunha proposición nesta licitación, o/s licitador/es poderá/n presentar outra que será a que se teña en conta. De non facelo, entenderase que mantén/ñen a proposición xa presentada."*

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(104).- ROGOS E PREGUNTAS.**
Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas de dez minutos. Como secretario dou fe.

JRB/me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Abel Losada Álvarez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez